



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

Descrición Decreto: Aprobación da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de estabilización por concurso praza de ATS/DUE a xornada completa, listaxe definitiva, nomeamento e convocatoria Tribunal cualificador.

DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo extraordinario de estabilización do emprego público temporal do Concello de Boimorto derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e da oferta de emprego público excepcional e extraordinaria anualidade 2022, praza de ATS/DUE da Residencia e Centro de día municipal de Boimorto a xornada completa por concurso, aprobado por Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 07/12/2022 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 236 de data 15 de decembro de 2022.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Aproba-la seguinte listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

ATS/DUE XORNADA COMPLETA CONCURSO	
APELIDOS E NOME	DNI
ADMITIDOS/AS	
REGUEIRO SEOANE MARÍA JOSÉ	XXX4815XX
EXCLUÍDOS/AS	
NINGÚN/HA	

SEGUNDO.- Elevar a definitiva a lista provisional de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo ao non existir excluídos/as para a selección por concurso praza de ATS/DUE a xornada completa da Residencia e Centro de día municipal do Concello de Boimorto.

TERCEIRO.- Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

-Presidente: Rodrigo Saa Carreira, Enfermeiro do Servizo Galego de Saúde.

Suplente presidente: Laura Lorenzo Lorenzo, Enfermeira do Servizo Galego de Saúde.

-Vogais:

Titular 1: Ana M^a Vallo Camba, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto.

Suplente 1: Cristina Tato Miguez, Orientadora laboral do Concello de Santiso.

Titular 2: M.^a Esther Vidal Pandelo, Traballadora social do Concello de Boimorto

Suplente 2: M.^a Ermitas Sánchez González, Traballadora social do Concello de Sobrado.

Titular 3: A técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto, M.^a Teresa Gómez Cea.

Suplente 3: M.^a Montserrat Varela Vázquez, Traballadora social do Concello de Vilasantar.

- **Secretario:** Jorge Boado Fernández, Secretario interventor do Concello de Boimorto.

Suplente secretario: Iván Ponte Mahía, Secretario interventor do Concello de Toques.

CUARTO.- Fixar o vindeiro luns 22 de xaneiro de 2023 ás 9:30 horas como data para a primeira sesión do Tribunal cualificador (constitución) e para comezar co proceso de valoración de méritos presentados e acreditados para a presente praza.

A xuntanza do Tribunal cualificador farase no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Boimorto, sito na rúa Vilanova, núm. 1.

QUINTO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios.

SEXTO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente, recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Decretoouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ